



**Reglamento para elección
miembros Consello Confederal
CONSELLO NACIONAL
31 DE OUTUBRO DE 2025**



**CONSELLO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA
31 DE OUTUBRO DE 2025**

**REGULAMENTO PARA A ELECCIÓN DA DELEGACIÓN DO S.N. DE CCOO DE GALICIA AO
CONSELLO CONFEDERAL DA CS DE CCOO**

A Comisión Executiva Nacional, reunida o 23 de setembro de 2025, aprobou fixar a data da convocatoria do Consello Nacional para o próximo 31 de outubro de 2025. Na orde do día desta reunión, entre outros puntos, incluírase: **Aprobación da composición da delegación do S.N. de CCOO de Galicia ao Consejo Confederal.**

Esta delegación está conformada por **4** persoas por cotizacións, se ben a secretaria xeral xa é nata no dito Consejo Confederal, polo que resta elixir 3 persoas.

Esta elección realizárase o Consello Nacional do próximo 31 de outubro de 2025, conforme ao recollido no artigo 29.3 de los Estatutos de la CS de CCOO.

Deberá terse en conta que, a efectos de cumprir a proporcionalidade de cada un dos sexos, a secretaria xeral do Sindicato Nacional forma parte da cota de delegados e delegadas.

Atendendo ao criterio anterior a delegación de Galicia terá que estar composta por **dous homes e dúas mulleres.**

DESENVOLVEMENTO DA ELECCIÓN:

O Consello comezará ás 10:00 h. en primeira convocatoria ou ás 10:15 horas en segunda.

As acreditacións das persoas membros serán a partir das 10:00 horas.

A Mesa del Consello conformárase segundo o Regulamento de funcionamento.

Ás 12 horas, independentemente de que a presidencia ampliara a hora de peche das acreditacións, anunciarase o inicio do prazo de presentación de candidaturas para a elección da DELEGACIÓN DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA AO CONSELLO CONFEDERAL e o número de avais necesarios que requirirán as candidaturas que se presenten, debendo ser estes o 10% das persoas conselleiras acreditadas asistentes, de conformidade ao artigo 10.4.b) dos Estatutos do Sindicato Nacional.

As persoas conselleiras acreditadas poderán avalar só unha candidatura das presentadas para o ámbito de elección.

O prazo de presentación de candidaturas ante a Presidencia do Consello, será ata las 13:00 horas.

As candidaturas deberán presentarse cos avais necesarios e deben cumprir os seguintes REQUISITOS:

1. Persoas afiliadas ao corrente de pagamento.

2. ANTIGÜIDADE: para poder formar parte do CONSELLO CONFEDERAL requírese unha antigüidade mínima de 6 meses na afiliación a CCOO, de conformidade co artigo 11 dos Estatutos Confederais e o 10 dos Estatutos do Sindicato Nacional.

3. **ACEPTACIÓN DE CANDIDATURAS:** a aceptación das candidaturas debe ser indubitada, conforme as normas e estatutos confederais. Non se require aportar fotocopia do documento que acredite a identidade nas candidaturas de persoas que estean acreditadas no Consello.

Ao remate do prazo de presentación de candidaturas, unha vez verificadas pola Comisión Técnica, designada ao efecto por la Comisión Executiva Nacional, a Presidencia do Consello proclamará as candidaturas que cumpran os requisitos e poderá realizarse unha intervención en defensa de cada unha delas.

Logo de rematar as posibles intervencións, a Presidencia, logo de conceder un tempo para que a Comisión Técnica elabore as papeletas de votación, someterá a votación asegurándose el sufraxio libre e secreto de cada conselleiro e conselleira segundo os Estatutos Confederais.

Posteriormente realizarán o escrutinio as persoas da Mesa do Consello.

De conformidade co artigo 10.4c) dos Estatutos do Sindicato Nacional, *“mediante o sistema de representación proporcional, atribuirase a cada candidatura o número de postos que lle corresponda, consonte o cociente que resulte de dividir o número de votos válidos non brancos polo de postos que se deben cubrir. Os postos sobrantes atribuiránselles ás listas, en orde decrecente, segundo os restos de cada unha delas. En caso de empate en votos, en enteiros ou restos para a asignación do último posto para cubrir, resultará elixida a persoa de maior antigüidade; de ser a mesma, a que sexa de menor idade e, no caso de coincidir ambos os criterios, atribuiríase a unha muller.”*

As reclamacións sobre o proceso electivo poderán presentarse ante a CIN Confederal no prazo de dous días hábiles. (cinconfederal@ccoo.es)

As resolucións da CIN Confederal son definitivas e executivas.

Ante calquera circunstancia non prevista neste regulamento, a Mesa Presidencial adoptará as medidas máis convenientes, incluída a adecuación de horario, para o bo desenvolvemento do Consello.